

INSTRUCCIÓN Nº: 8/2026	DATA: 11/06/2026
ÓRGANO EMISOR: SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS	
ASUNTO: INSTRUCCIÓN DE XESTIÓN SOBRE O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA ENTIDADES BENEFICIARIAS, RESPECTO DOS PROGRAMAS RELATIVOS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027 (PROCEDEMENTOS TR350E e TR349Z)	

Ao abeiro do disposto na ORDE do 22 de maio de 2026, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR350E e TR349Z), publicado no DOG nº108, do 11 de xuño de 2026.

Co fin de unificar os criterios interpretativos e, en definitiva, de facilitar e axilizar a xestión do procedemento de selección para o persoal das oficinas de emprego, no uso das facultades atribuídas na antedita orde, dítanse as seguintes,

INSTRUCCIÓNS:

Primeira.- Requisitos das persoas a seleccionar

As persoas traballadoras que sexan contratadas para a realización das obras e servizos polas que se outorguen as subvencións previstas na antedita orde, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- A) Ter feitos os dezaioito (18) anos e non superar os vinte e nove (29) anos (idade máxima que establece a normativa vixente do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil).
- B) Estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego.
- C) Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- D) Non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data da selección e á data de sinatura do contrato.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código 405).

De acordo coa mesma orde, será a **entidade beneficiaria a responsable de comprobar** que a persoa seleccionada sexa maior de dezaioito anos, estea desempregada, inscrita como tal e que conste como beneficiaria no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, o cal poderá consultar na súa oficina de emprego e no propio Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, (<https://www.sepe.es/HomeSepe/es/encontrar-trabajo/Garantia-Juvenil.html>), respectivamente.



Segunda.- Informacións sobre os programas de cooperación concedidos

A Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais remitirá previamente o listado de concellos e entidades beneficiarias, e os CNO dos postos de traballo concedidos, para os efectos de que as oficinas de emprego teñan coñecemento previo das seleccións a realizar.

De xeito paralelo, os programas concedidos serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia para que poidan ser coñecidos polas posibles persoas beneficiarias. Neste senso, a oficina de emprego informará ás persoas interesadas dos requisitos da convocatoria e o sistema de selección para as ocupacións concedidas.

Terceira.- Procedemento de selección.

Segundo os artigos 29.8 e 41.6 da Orde, non poderán ser contratadas con cargo a estas axudas, as persoas demandantes que fosen contratadas en calquera entidade, por un período igual ou superior a 180 días, ao abeiro das axudas concedidas polas ordes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a contratación de persoas desempregadas, que se relacionan a continuación:

- Orde do 4 de agosto de 2025 (DOG. núm.157, do 19 de agosto de 2025: código do procedemento TR352A 2025). Programas de cooperación con entidades sen ánimo de lucro, ano 2025.

- Orde do 13 de agosto de 2025 (DOG. núm. 160, do 22 de agosto de 2025: códigos dos procedementos TR350E e TR349Z). Programas de cooperación de garantía xuvenil con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, ano 2025.

Esta circunstancia deberá ser comprobada pola entidade beneficiaria, tanto no momento da selección como no da contratación.

Cómpre recordar que as entidades locais deben realizar a selección mediante oferta a través de oficina de emprego, xa sexa mediante solicitude de candidaturas ou vinculación nominal, e os organismos intermedios sen ánimo de lucro poden optar ou non por esta canle.

A **entidade local beneficiaria** deberá solicitar as persoas mozas demandantes non ocupadas mediante a presentación dunha oferta de emprego nunha oficina de emprego da Xunta de Galicia, que se tramitará do seguinte xeito:

1. A entidade beneficiaria, coa suficiente antelación para que a oficina de emprego poida tramitala, presentará a oferta de emprego, xunto coa correspondente resolución de concesión da subvención.

A presentación poderá realizarse:

a. A través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, procedemento [PR004A](#). Neste caso, dirixirá a solicitude ao departamento territorial da consellería correspondente á súa provincia, especificando no asunto o motivo da dita solicitude (Oferta emprego_Programa FSE+ Galicia 2021-2027 Garantía Xuvenil) e a oficina de emprego de destino, á que o departamento territorial reenviará a documentación a través do rexel.

b. A través de correo electrónico, dirixido á oficina de emprego que vaia realizar a selección.



A oferta deberá tramitarse pola oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado. Cando unha entidade local dispoña de centros de traballo que se correspondan co ámbito territorial de máis dunha oficina de emprego, poderá concentrar a tramitación de todas as ofertas na oficina á que lle correspondan máis postos de traballo ofertados.

2. Presentarase unha oferta por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO), e aos perfís profesionais concedidos nas respectivas resolucións de concesión.

A oferta na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios establecidos no punto primeiro desta instrución. Deberá utilizar unha linguaxe inclusiva, coa eliminación de estereotipos de xénero.

Non poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos a titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.

3. O tipo de oferta a tramitar será unha oferta tipo AD, que deberá ser configurada pola persoa xestora para adaptarse ás previsións da mencionada orde, do seguinte xeito (esta configuración non se realiza por defecto):

- **Idade mínima: 18 anos**
- **Idade máxima: 29 anos**
- **Situación laboral: desempregado**
- **Colectivo especial 41 (demandante beneficiario do SNGX)**

Este tipo de oferta ten unha configuración específica de ordenación e priorización, co fin de favorecer nos emparellamentos/sondaxes aos demandantes pertencentes aos colectivos indicados no artigo 29.6 da orde de convocatoria.

4. Admitirase o emprego de **ofertas especiais con vinculación nominal**, sempre que as persoas candidatas reúnan os requisitos da convocatoria:

A) Ter feitos os dezoito (18) anos e non superar os vinte e nove (29) anos (idade máxima que establece a normativa vixente do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil).

B) Estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego.

C) Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

D) Non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data da selección e á da sinatura do contrato.

Neste tipo de oferta con vinculación nominal, a oficina revisará que a persoa seleccionada cumpre os requisitos de inscrición como persoa demandante non ocupada, idade comprendida entre 18 e 29 anos, e que na súa demanda de emprego



conste o colectivo 41, antes de rexistrar a oferta e mecanizar o resultado. Non obstante, como se mencionou anteriormente, **a entidade será a responsable de comprobar o cumprimento dos requisitos**, en especial a condición de persoa desempregada, a inscrición no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e que non foran contratadas en calquera entidade, ao abeiro das axudas concedidas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no ano 2025 de programas de cooperación con entidades sen ánimo de lucro e programas de cooperación de garantía xuvenil con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, por un período igual ou superior a 180 días.

Este procedemento é compatible co descrito no punto 3.

5. O número de persoas candidatas que as oficinas de emprego proporcionarán por posto de traballo ás entidades beneficiarias será, sempre que sexa posible, non inferior a dúas nin superior a dez. A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta, por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos.

A xestión das candidaturas realizarase do seguinte xeito:

- Unha vez realizada a sondaxe, comprobarase de xeito telefónico a dispoñibilidade das persoas candidatas pola orde de prioridade establecida.

- O currículo das persoas candidatas dispoñibles serán remitidos á entidade beneficiaria por medio de correo electrónico ou Notific@.

- No caso de que non se obteñan o número mínimo de candidaturas despois de ampliar o ámbito xeográfico de busca ou utilizar outros mecanismos, poderase acordar coa entidade beneficiaria o envío de persoas candidatas que cumpran todos os requisitos salvo o código 41 na súa demanda de emprego. Neste caso, á entidade deberá indicarlle á persoa que queira seleccionar a necesidade de que realice, se é posible e cumpre os requisitos, a súa inscrición no ficheiro do sistema Nacional de Garantía Xuvenil, aspecto que deberá constar na súa demanda de emprego co código indicado e que a oficina revisará no momento da comunicación e mecanización do resultado da selección, xa que debe cumprir este requisito no momento de ser seleccionada pola entidade, que será a responsable de comprobalo antes de enviar o resultado á oficina.

- A xestión de incidencias (xustificación e solicitude de máis candidatos, cambios de ocupación debidamente autorizados polo Servizo de Programas de Cooperación da Subdirección Xeral de Emprego...), efectuarase igualmente por medios electrónicos.

Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas Administracións Públicas.

As persoas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

6. A selección definitiva, efectuada pola entidade beneficiaria, deberá ser notificada por



correo electrónico ou a través de sede electrónica, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

7. Segundo os artigos 31 e 43 desta Orde, unha vez presentada a correspondente solicitude, cada entidade beneficiaria, para poder iniciar os proxectos de urxente posta en marcha, poderá contratar anticipadamente aquelas persoas traballadoras desempregadas que lle sexan autorizadas pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

8. Segundo os artigos 32 e 44 da Orde, con carácter xeral, cando se produza a extinción do contrato antes de que remate o período de tempo subvencionado, a entidade beneficiaria poderá contratar outra persoa en substitución daquela que causou baixa durante o tempo que reste para que remate o período subvencionable, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da inicialmente contratada.

Cómpre recordar que a selección da persoa substituta nas entidades locais deberase realizar presentando oferta a través de oficina de emprego, xa sexa mediante solicitude de candidaturas ou vinculación nominal, e a selección da persoa substituta nos organismos intermedios sen ánimo de lucro poden optar ou non por esta canle. Pódese recorrer ás persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego na oferta inicial (se é o caso), sempre que cumpran os requisitos establecidos na orde da convocatoria no momento da súa selección.

Permitirase unha única substitución da persoa contratada inicialmente, de maneira que se a dita persoa é substituída por outra, esa nova persoa contratada pecha o proceso de contratacións incentivadas ao abeiro desta convocatoria.

9. A contratación terá unha duración mínima de 9 meses e unha xornada laboral ao 100% e ese será o período laboral máximo subvencionable para cada contrato.

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

PV (DAd 2ª do Decreto 147/2024, do 20 de maio, DOG nº 101, do 27 de maio)

A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

Zeltia Lado Lago

